

ELFRIEDE JELINEK

Elfriede Jelinek nace en 1946 en Austria no seo dunha familia de orixe xudía. O seu pai, que era químico, logrou evitar a persecución durante a II Guerra Mundial traballando en produción industrial de importancia estratéxica. Porén, moitas persoas da súa familia foron vítimas do Holocausto.

Desde moi nova aprendeu música e estudou composición no Conservatorio de Música de Viena. Despois de cursar Bacharelato, matriculouse na Universidade de Viena, onde cursou estudos de Ciencias do Teatro e Historia da Arte.

En 1967 deixa os estudos e comeza a escribir lírica e textos en prosa que aparecen en revistas literarias. Tres anos máis tarde debuta como novelista coa obra "*Somos reclamo, baby*" e cinco anos despois conquista ao público alemán con "*Las amantes*". Outras novelas escritas por elas son "*Los excluidos*", "*La pianista*", que foi levada ao cine, "*Deseo*", "*Los hijos de los muertos*" e "*Obsesión*". Tamén escribiu poesía e obras teatrais como "*Lo que pasó cuando Nora dejó a su marido o Los pilares de las sociedades*", "*Una pieza deportiva*" o "*La Central*". Asemade, Elfriede tamén é autora de ensaios, libretos de ópera, guións de cine e numerosas traducións.

Jelinek é considerada unha das autoras contemporáneas de fala alemá máis importantes. Entre as súas preocupacións figuran a crítica social, a análise da condición da muller e o desenvolvemento dunha linguaxe propia. Todo isto provocou que no ano 2000, cando chegou ao poder o partido de ultradereita liderado por Jörg Haider, a representación das súas obras fora prohibida nos teatros austríacos.

No ano 2004 Elfriede Jelinek recibe o Premio Nobel de Literatura polo seu fluxo musical de voces e contravoces en novelas e obras teatrais que revelan o absurdo dos clichés da sociedade e o seu poder opresor.

Alexandra Ucha Lago

4º ESO B